

PEPA LOBA

MATILDE VÁZQUEZ IGLESIAS

PRÓLOGO

Non todas as heroínas nacen nos libros: algunhas fórzanse no fume das feiras, na dureza do camiño e na inxustiza dos poderosos. Pepa Loba é mito e memoria, eco dunha Galicia silenciada que encontrou na súa voz —rouca, firme, rebelde— a esperanza de vinganza e liberdade.

O teatro é o lugar onde a lenda cobra carne, onde o rumor convértese en palabra viva. E hoxe, cando as luces se acenden, Pepa regresa para falar de nós, porque a súa loita contra o abuso segue sendo a nosa loita.

ÍNDICE:

PRÓLOGO DAS SOMBRAS

CADROS:

- 1º Eco do comezo
- 2º Luz de nena no monte
- 3º Choro entre as árbores
- 4º Camiño da vida
 - a) O cego pillabán
 - b) O home de proveito
 - c) O baile
- 5º Sangue entre carballos
- 6º Xuízo de néboa
- 7º Ferros na noite
- 8º Portas abertas da fuxida
- 9º O lume da vinganza
- 10º A sotana e o segredo
- 11º Pedras e sombras do pazo
- 12º Uniformes na escuridade
- 13º A voz que rompe a noite
- 14º Augurios no camiño sen fin

PERSONAXES DRAMÁTICOS

PRESENTADORA	ANTÓN, paisano
CEGO, narrador	XOSÉ, paisano
MÚSICO, gaiteiro, tamborileiro	SIMÓN, paisano
PEPA LOBA	DON BARTOLOMEU, o cura
PEPIÑA, Pepa de nena	DON DIEGO, fidalgo
DORINDA, tía de Pepa	SEÑORA, esposa do fidalgo
FULUCHA, nai de Pepa	XERVASIA, ama de cría
BRUTÁN, agresor	BENÍTEZ, capitán Garda Civil
PEPA rapaza	CAMOEIRAS, cabo da Garda Civil
PEPA, moza	PELÁEZ, axente da Garda Civil.
LEPROSO	CARCEEIRA, da Coruña
DON RAMÓN, o rico do pobo	DONA CONCHA, Concepción Arenal
ÁLVARO, irmán de don Ramón	PACHY, peregrino
MARÍA, veciña	VICTOR, peregrino
LOLA, veciña	FELI, peregrina
JOSEFA, veciña	INMA, peregrina
SARA, veciña	RAMONA, peregrina

PRÓLOGO DAS SOMBRAS

PRESENTADORA: Comedia dramática que evoca, ao xeito dos vellos romances de cego, o nacemento dun MITO. Un eco que xorde nos montes de Galicia, onde unha nena desafiou á fera e, de muller, desafiou aos poderosos.

PEPA LOBA: sombra e xustiza, ladroa de camiños e gardiá dos desherdados, figura temida e venerada que atravesou o século XIX deixando pegada de rebeldía e esperanza. Como todo mito verdadeiro, a súa voz non pertence ao pasado: resoa no presente e PROMETE acompañarnos máis alá do tempo.

(En escena, un banco a cada beira da escena e tres tallos de diferente altura no centro.)

1º CADRO: ECO DO COMEZO

(Entran o MÚSICO tocando a gaita e o CEGO tenteando co seu bastón. Séntanse cada un no banquiño de cada extremo do escenario).

CEGO

Mulleres, homes, nenos e nenas,
prestade atención e memoria
ás palabras deste cego,
que vos vai contar unha historia:
No século dezanove,
finando o segundo terzo,
anda unha muller forte
polas terras de Cambeo.

(Séntase no banquiño)

PEPA – *(Entra)* ¡¡¡Eu son Pepa Loba!!! *(mimifica a súa idiosincrasia; sae.)*

CEGO – Gañou sona,
sendo ela moi nova,
co seu canciño Lueiro.

2º CADRO: LUZ DE NENA NO MONTE

PEPIÑA – *(Entra arrastrando un lobo, moi cansa, séntase nun tallo.)*

Este lobo enfrentouse a min cos ollos vermellos, cheos de lume ferinte, mirándome sen pestanexar (...) o caxato moveuse rápido e golpeouno forte unha e outra vez, ata que me agarrou co fociño, e foi cando Lueiro botouse a el con furia, e non parou ata que o matou.

DORINDA – *(Entra con FULUCHA)* Nena, isto é algo excepcional.

FULUCHA – (*Mira ao lobo, mira a Pepiña, sorprendida*) ¡¡Filla!! ¡Ti es toda unha heroína!

DORINDA – Si, e ímolo aproveitar, Fulucha. Pedímoslle o burro ó tío Xoán e lévamola co lobo e a nena por tódalas aldeas.

FULUCHA – E botarannos chourizo, queixo... umm... ¡Que brava es, Pepiña! (*Aprétaa entusiasmada*).

DORINDA – Veña, imos indo.

FULUCHA – E eu cantarei esta copla:

(*Soa a gaita*)

“Aló arriba naquela montaña
estaba o lobo na súa paraña,
co fociño matou unha ovella
e a Pepiña con el batallaba.”

(*Sae cantando, tras dela DORINDA e PEPIÑA co lobo.*)

CEGO – Coñece fame e miseria
e viu como aldraxaban
á súa nai con violencia.

FULUCHA – (*Entra cantando. Soa a gaita*)

“Corre, corre, que aí ven a Loba.
Peta, peta, na casa da Pepa.
Pinga, pinga, na casa da Minga.
Trona, trona, que matou a Loba.
Morna, morna que foi Pepa Loba.”

(*Soa o tamboril. Entra o BRUTÁN; ela cala, el vai cara a ela facendo xestos obscenos*).

BRUTÁN – ¡Fufufulucha! ¿Cantabas para min?

FULUCHA – ¡¡Non, Brután!! (*Corre, intentando escapar del.*)

BRUTÁN – Vo... vou. (*Aprésaa pola cintura violentamente.*)

FULUCHA – ¡¡Está quieto, Brután!!

(*Tralo forcexeo, FULUCHA acaba no chan, baixo el.*)

FULUCHA – (*Berrando*) ¡¡É cousa do diaño!!... ¡¡É cousa do demo!!

(*Cos berros entra PEPIÑA coa forquiña*).

PEPIÑA – ¡¡Brután, deixa a miña nai!! ¡¡Lisca de aquí!!!

(*O BRUTÁN, rindo, vai cara á rapaza.*)

BRUTÁN – ¿Que queres ti tamén, Pepiña?

PEPIÑA – (*Faille fronte*) ¡Eu son a Pepa Loba! Defendínme dun lobo, e podo defender á miña nai de ti. Largo, ¡lisca e non volvas por aquí!

(*BRUTÁN sobe os pantalóns, rindo ás gargalladas, inicia a saída. PEPIÑA vai tras del empuñando a forca, ata que desaparece. Logo corre onda a nai. FULUCHA treme no chan.*)

FULUCHA – ¡Filliña miña!

PEPIÑA – Nai, eu son a Pepa Loba e farei xustiza.

FULUCHA – Así me gusta, ¡cona!

(*Fúndense nun abrazo infinito. Saen.*)

3º CADRO: CHORO ENTRE AS ÁRBORES

CEGO – Nove meses despois...

DORINDA – (*Entra coa cunca de caldo e un anaco de pan, chamando a voces*) Pepiña, Pepiña...

(*PEPIÑA entra, collendo a FULUCHA*)

FULUCHA – ¡Ai, Dorinda, téñoche un frío do demo!

DORINDA – Pepiña, ¿tes algo de comer?

PEPIÑA – Pouca cousa, tía: castañas e noces.

(*Séntanse nos tallos. FULUCHA non deixa de mirar e ulir o caldo.*)

DORINDA – ¡¡Castañas e noces!! ¡Xa vas sendo grande, rapaza!

FULUCHA – (*Mirando cobizosa a cunca do caldo*) Ummm, que ben cheira.

DORINDA – E ti, rapaza, tes que mirar un pouco pola vida. Túa nai non guía, a pobre, e calquera día...

PEPIÑA – ¿Que tes, mamá? Abúltache moito o ventre.

FULUCHA – ¡Isto é cousa de bruxas, é cousa do demo!
(*Pon as mans no ventre. Pepiña acaríñallo. Dorinda dálle de comer.*)

FULUCHA – (*Come ansiosa*) Estache moi rico o caldo, Dorinda.

PEPIÑA – Tía, ¿e se vou buscar ao médico?

DORINDA – Cumpría ben un médico (...) Se tiveramos con que pagalo!

FULUCHA – É de galiña vella... ¡Anda, nena, come ti tamén! (*Dálle a PEPIÑA*)

PEPIÑA – (*Comendo*) Vendémola cabra.

DORINDA – (*Comendo*) Co valor da cabra, nin pagar ao menciñeiro.

PEPIÑA – Logo pedímolo prestado.

DORINDA – ¡Que inocente es, miña nena! O diñeiro non o prestan, rapaza, senón a quen ten por onde responder.

PEPIÑA – (*Angustiada*) ¡E que imos facer, tía?! ¿Que podo eu facer?

FULUCHA – Comer. (*Dálle máis pan para mollalo no caldo*)

DORINDA – Nada, esperar.

PEPIÑA – ¿¡Esperar!?! ¿Ver achegarse a morte de vagar?

FULUCHA – ¡¡¿A morte?!! ¿Quen vai morrer?

DORINDA – Naaa... parvadas da Pepiña.

FULUCHA – ¿¡Vas morrer ti, Dorinda?!

DORINDA – ¡Non, oh! Come, anda... (*Dálle a cunca do caldo*)

(*FULUCHA come sen pensar noutra cousa que no caldo*)

DORINDA – E ti, Pepiña, non te adiantes. Igual todo sae ben e, se non, asume silente esta traxedia (...). Inda que se fose, seguiríaa tendo ao teu carón.

PEPIÑA – ¡Corróenseme as entrañas, tía! ¡¡Os cartos valen máis cá xente!! E ti, naiciña, morres porque nós non temos cartos... (*Chora*)

FULUCHA – (*Ao vela chorar deixa de comer*) ¿Por que choras, Pepiña?

DORINDA – Porque lle rifei. Xa vexo que acabaches o caldo.

FULUCHA – ¡Siii! Estaba moi bo, pero agora estame... (*Fai xestos de dor*) ... apurando o ventre...

DORINDA – Anda, nena... axúdame a levala.

PEPIÑA – Imos, mamá.

(*Saen*)

CEGO – Fulucha foise,
regalándolle á filla
seu derradeiro sorriso.
E agora Pepiña
anda de aldea en aldea,
indo de feira en feira
coa súa tía Dorinda,
mirando ben por ela.

4º CADRO:

a) CAMIÑO DA VIDA

(Entran DORINDA e PEPIÑA xa moza, cun membro artificial que lle vai poñendo a tía.)

PEPIÑA – *(Ao ter posto o brazo, mírase)* ¡Que marabilla, tía Dorinda! *(Xírase cara a si mesma)*
¡Ninguén saberá quen son!

DORINDA – E non digas xamais o que sentes; só dirás o que che conveña. E cheira ben as trampas desta pícara vida, porque a metade do que se ve é conto e a outra metade escaparate.

PEPIÑA – Non son tan fácil de enganar coma vostede pensa.

DORINDA – Podes selo, máis tamén é preciso que ti saibas enganar ós demais; ninguén engana ao burro, e de burro non sae nada... ¡E cóidate dos que parecen parvos!

PEPIÑA – Inda é noite pechada, tía.

DORINDA – Convén aproveitar ben o tempo para chegar cedo á feira de Silleda; e cando pidas aos homes, peito fóra *(fai o xesto)*, ben plantada, e coas mulleres *(fai o xesto)* peito para dentro, encolleita.

(PEPIÑA colócase segundo a tía vai dicindo.)

DORINDA – A vida é cuestión de entendela e aproveitar tódalas oportunidades, sabendo cubrirse cun veo.

PEPIÑA – Que airiño máis doce trae o amencer, tía Dorinda; *(respira fondamente)* é coma un beixo que tempera o aire...

b) O CEGO PILLABÁN

(Ao ver ao Cego)

DORINDA – ¡O cego de Lagartóns! O pillabán máis grande da comarca; imos onda el.
(Achéganse.) Bo día, tío Xosé.

CEGO – Ola, Dorinda, moito madrugaches para sacar cartos... antes de que chos varran outros!

DORINDA – Hai que vivir, tío Xosé.

CEGO – Quen te acompaña, Dorinda? Polo ruído dos pasos parece unha moza.

DORINDA – A filla da Fulucha.

CEGO – Estarás medrada. *(Achégase a ela e tántea coas mans.)* Xa fai anos que viñas coa túa nai.

DORINDA – ¡Xa está ben! (*Sepárao.*) Porque os cegos, o que non podedes ver cos ollos, apalpádelo coas mans, ¡recona!

CEGO – ¡¡Non hai tal!! A ti nunca chas puxen enriba, pero esta mociña ule a mazá madura. Poderías deixarma para compañia...

DORINDA – Non é para mociña de cego o destino que eu lle gardo á rapaza. E deixe de palpala que vai por murcha esta flor temperá.

PEPIÑA – Vamos, tía; eu xa escoito as gaitas.

c) O HOME DE PROVEITO

(*Entra un LEPROSO; diríxese a elas.*)

DORINDA – ¡Mira, Pepiña, o que ven por aí!

PEPIÑA – ¿Quen é?

CEGO – Outro farsante.

LEPROSO – Boa moza traes hoxe, Dorinda; que carnes prietas ten a moza. (*Pondo unha man sobre o ombro de Pepiña.*)

DORINDA – Onde a un non chaman, está moi preto de facer estorbo.

PEPIÑA – ¡Deixa de sobarme! (*Retíralle bruscamente as mans.*)

LEPROSO – Non che dea noxo a miña persoa; a miña lepra non é máis verdadeira ca o teu brazo. (*Ao tempo arrinca o tafetán do lábio inferior.*) Agora non escaparás tanto, rubia. (*Volve tocala.*)

PEPIÑA – ¡¡Que non me apalpes!! (*Bruscamente retíralle a man.*) E non son rubia; son Pepa.

LEPROSO – Se ti queres, axuntámonos; nada che vai faltar comigo. Que son home cumprido.

PEPIÑA – A prudencia por diante.

LEPROSO – Torres máis altas vin caer.

DORINDA – Ben dito, rapaza; a listura é o invisíbel descorrer dos astutos.

d) O BAILE

(*Soa a gaita e entra un coro de xente bailando e cantando.*)

DORINDA – Únete a eles, rapaza; a música emborracha coma emborracha o viño...

(*PEPIÑA únese ao coro e sae con eles bailando.*)

CEGO – ¡Que boa moza é a Pepa! ¡Vaiche facer rica!

DORINDA – Non son estes os plans que teño para a Pepiña. (*Sae bailando tras deles.*)

CEGO – As artimañas de Dorinda puxeron a Pepiña ao servizo de Don Ramón, home maior e rico tendeiro; aprendeu a ler e escribir con el. A estancia na casa do tío Ramón foi un paréntese de paz na vida de Pepiña, que pouco durou.

5º CADRO: SANGUE ENTRE CARBALLÓS

(*Entran PEPIÑA e DON RAMÓN en cadeira de rodas.*)

DON RAMÓN – Pepiña, as cousas non andan como deberían no meu corpo.

PEPIÑA – (*Abróupao cunha mantilla nas pernas*) ¡Parvadas! Avisarei ao médico; vostede sabe que ten cartos de sobra para pagalo.

DON RAMÓN – Escoita con atención o que che vou dicir: vai vir o notario; quero facer testamento e que sexas a miña herdeira universal.

PEPIÑA – ¡Tío Ramón! Grazas, mais non ten por que facelo; eu vouno querer igual; ademais, ¡non está tan enfermo como para iso!

DON RAMÓN – Pódese morrer en calquera momento... (*PEPIÑA chora.*) Non te deixes arrastar polo choro; aflóxanos a tensión do espírito que nos fai falla na loita pola vida.

PEPIÑA – Si, mais libera o corazón da súa amargura.

DON RAMÓN – Iso é certo. Mira, Pepiña, quero deixar isto amañado e que te sintas segura se eu faltara. Teño medo de que o meu irmán Álvaro, o menciñeiro, che faga unha falcatuada das que el acostuma.

PEPIÑA – (*Dubida*) Tío Ramón, é certo ese rumor de que, sendo o seu irmán Álvaro seminarista, o voso señor pai sorprendeuno coa miña nai, e de aí nacín eu?

DON RAMÓN – A maldade da xente é infinita, e sinalaron a Fulucha... Á túa nai sempre a puxeron no punto de mira para rirse, sen decatarse de que os necios eran eles. Meu pai nunca dixo quen era aquela moza.

PEPIÑA – Tamén din que, tras pelexar co seu pai, o seu irmán liscou deixandoo sen sentido no chan.

DON RAMÓN – Iso tamén é certo. E nunca máis volveu pola casa; deixou o seminario e adicouse á curandeiría clandestina.

PEPIÑA – ¡Ah! Por iso se lle chama menciñeiro.

DON RAMÓN – Pois sí.

PEPIÑA – Agora descanse; vou na procura do médico. (*Sae.*)

CEGO – Cando Álvaro soubo do notario, invadíuno a cólera e urdiu un plan malévolo...

(Entra ÁLVARO.)

ÁLVARO – Boas, irmán.

DON RAMÓN – E logo, que che trae por aquí?

ÁLVARO – Quero falar contigo.

DON RAMÓN – Falar? Falan as persoas, as bestas gruñen.

ÁLVARO – Non vin aquí para escoitar os teus insultos.

DON RAMÓN – Xa o sei; viñeches para lanzar os teus; adiante, ¿de que se trata?

ÁLVARO – ¡¡Desa muller!! ¡É a túa deshonra! Tentarei pola corda coma un boi manso, que parece parvo, carallo. ¡Vello tolo!

DON RAMÓN – Para o carro e non malgastes máis palabras; a cousa é moi simple: eu son feliz e ti lévate o demo.

ÁLVARO – ¡É a ti a quen ha levar!, ¿ou non sabes os anos que tes?

DON RAMÓN – ¡Acabaremos! Cada día estou máis preto da lousa; e nada do que teño che vai aproveitar a ti; isto é o que pasa, e non o aguantas.

ÁLVARO – ¡E non o vou permitir!

DON RAMÓN – Ben sei que o intentarias, pero non vas poder impedilo.

ÁLVARO – ¡Botarás a esa puta de aquí! Só quere teus cartos; todo o mundo o di.

DON RAMÓN – Se todo o mundo é coma ti, ¡pobre mundo!

ÁLVARO – ¡Farei o que faga falla!

DON RAMÓN – En canto ao dos cartos, é un problema meu; ¿ou cres que hai algo que sexa teu?

(Iracundo, ÁLVARO saca un coitelo.)

ÁLVARO – ¡Non consentirei esta vergoña!

(Soa o tamboril.)

DON RAMÓN – ¿Vergoña, ti? O que tes é unha cobiza do demo que che roe as entrañas; mais esta vez equivocácheste; o que podía ser teu polo sangue, nunca será teu pola forza.

ÁLVARO – ¡¡Será, ha ser!!!

(ÁLVARO clava o coitelo. Redoble de tamboril. DON RAMÓN morre.)

ÁLVARO – ¡Será meu, todo isto será meu! O sangue así o manda.

(Tira o coitelo sobre o cadáver; mancha con sangue o mandil de PEPÍÑA.)

MARÍA – *(Dende fóra)* Don Ramón...

(ÁLVARO, ao oír as voces, fuxe.)

6º CADRO: XUÍZO DE NÉBOA

(Entra MARÍA; míraa, tócao...)

MARÍA – Don Ramón... ¡¡Ah!! ¡¡Oh!! (...) ¡Mataron ao señor Ramón!

(Atraídas polos berros entran máis veciñas, entre elas aparece ÁLVARO.)

ÁLVARO – Non toques nada, ata que veña o xuíz.

LOLA – ¡Se non lle facía mal a ninguén!

JOSEFA – Isto é unha perda moi, moi grande.

SARA – Vai ser mellor que marchemos.

ÁLVARO – *(Facéndose o sorprendido; sinala o coitelo.)* Parece un coitelo dos que se usan na cociña.

TODOS – ¡¡Ohhh!! ¡¡Ahh!!

MARÍA – Pois si; parece o que usaba a Pepiña.

LOLA – ¡Meu Deus! (...) Mirade isto. *(Sinala o mandil ensanguentado.)*

SARA – ¡¡¡O mandil da Pepiña!!!

TODOS – ¡¡¡Ohhh!!! ¡¡¡Ahh!!!

ÁLVARO – Pobre Pepiña; ao mellor el quixo abusar dela; con iso de que lle deixaba todo, igual el cría que tiña dereito.

TODAS – ¡¡Ohhh!! ¡¡Ahh!!

MARÍA – Ao mellor fixo o testamento para enganala.

LOLA – E despois de conseguir o que quería...

JOSEFA – ...Cambialo e facer outro.

SARA – Vello que con moza vai de cornudo non escapa!

MARÍA – Vellez e fermosura nunca van xuntas.

ÁLVARO – Pobre Pepiña.

TODOS – ¡Ohhh! ¡Ahh! ¡Pobre Pepiña!

LOLA – Marchemos, marchemos daqui.

MANOLA – Imos dar parte á Garda Civil.

JOSEFA – Si, imos.

(Saen.)

CEGO – A semente de que foi Pepa brotou nas cabezas desta xente chea de malicia, saboreando a traxedia e interpretándoa ao seu gusto. Pepa foi acusada, xulgada e condenada a cadea perpetua no cárcere de Pontevedra.

7º CADRO: FERROS NA NOITE

(O CARCEIRO entra con DORINDA; esta queda sentada detrás da reixa. Sae e volve entrar con PEPA, que a senta ao outro lado da reixa. El manténse vixiante.)

DORINDA – ¡Aínda tiveste sorte! Puideron condearche á morte e darche garrote; mais a cadea perpetua tampouco é un gran porvir.

PEPA – ¡Non será perpétua!, tía Dorinda; hei saír de aquí... moi axiña.

DORINDA – Non debes cavilar niso.

PEPA – Hei cavilar tódolos días ata que saia.

DORINDA – Aquilo non foi un xuízo, foi unha trampa urdida polo malnacido do irmán de Don Ramón, que quixo quedarse con todo o que era teu!

PEPA – Xa, non é rancor o que sinto (...) É que as cousas non poden ser coma son. Non poden quedar así. ¡Non, non pode ser!

DORINDA – Si, rapaza, si (...) Todo é cousa dese malnacido do Álvaro.

PEPA – (...) Aquí no cárcere tamén corre o rumor de que ese malnacido é o meu pai. Díme, tía: ¿foi Álvaro, o meu pai?

DORINDA – ¡Non!

PEPA – Díme a verdade.

DORINDA – ¿¡Estás borracha!? ¿Ise maldito asasino é teu pai?

PEPA – Entón, ¿por que a xente o murmura?

DORINDA – Xa es grandíña e cómpre que saibas a verdade... *(Dúbida; mira o carceiro e bota a toser.)*

PEPA – *(Ao carceiro)* Traílle un vaso de auga, se fas, pero tamén irmán de o favor.

(O CARCEIRO, mal encarado, non se move. DORINDA segue tusindo.)

PEPA – Pero... ¡Faga o favor! ¿Non ve que vai reventar de tose?

(O CARCEIRO sae de moi mala gana, sen deixar de miralas.)

PEPA – (*Imperativa e ansiosa*) Díme, tía Dorinda, por que murmuran?

DORINDA – Eu deixei correr e alimentei o conto (...) Mellor ser filla dese desgraciado menciñeiro, pero tamén irmán de don Ramón, que non saber de quen. Mellor ser filla dese curandeiro que... (*dúbida*)

PEPA – ¿De quen?

DORINDA – Das festas de Padrón.

PEPA – (*Perplexa*) ¿Das festas de Padrón?!

DORINDA – Si, filla, si; alí foi onde uns desaprensivos nausabundos, emborrachárona primeiro e despois tumbaron á túa nai e, un tras outro, abusaron dela... Ata que eu dei con eles tras unhas xestas.

(PEPIÑA transfigurada, chora intensamente.)

PEPIÑA – ¡¡Un grupo de homes inda máis repugnantes ca o Brután!! Odio os seus abusos, amparados na súa forza. ¡Eu son a Pepa Loba, tía Dorinda! Vingarei a morte da miña nai e vingarei a morte de Don Ramón.

(O CARCEIRO entra.)

CARCEIRO – Xa está, a visita acabouse! (*Acompaña a DORINDA á porta.*)

PEPA – Carceiro, quero confesar; quero porme en paz con Deus.

CARCEIRO – ¡Xa tardabas en facelo!

PEPA – Nunca é tarde.

CARCEIRO – Anda, cala, que hoxe xa falaches moito.

(*Saen.*)

CEGO – Veu o sacerdote, e algúns din que Pepa golpeouno cunha pedra, vestiuse coa roupa do cura e, antes de deixalo na celda, díxolle: “Perdoe, pai, polo que fixen (...) e polo que me resta por facer”. Outros din que a idea foi do cura; parece que lle dixo: “Veña, Pepiña, dásme unha ostia na queixada, colle a miña roupa e sae de aquí pitando carallos”.

8º CADRO: PORTAS ABERTAS DA FUXIDA

(Soa a gaita. A GARBOSA entra barrendo e cantando. Petan na porta e ábrea.)

GARBOSA – *(Fai o sinal da cruz)* ¡Padre! ¿Que trae por aquí a estas horas?

PEPA – Eu non son un cura, Garbosa; son unha muller. *(Quítase o chapeu.)*

GARBOSA – ¡¡¡Pepa Loba!!! Ti... ¿Como conseguiste escapar?!

PEPA – A túa irmá axudoume; entretivo o carceiro, mentres eu saía pola porta con estas roupas. Necesito un traxe de home axiña.

GARBOSA – ¿De home?!

PEPA – ¡Claro! Andan buscando un cura ou unha muller.

GARBOSA – E a onde pensas ir? *(Vai buscar o traxe.)*

PEPA – Teño que facer un traballo moi difícil; hei de liquidar contas vellas, e logo tomarei un camiño perigoso, é o único que me queda.

(A GARBOSA trae a roupa; PEPA vístese. A GARBOSA volve saír e entra con máis cousas.)

PEPA – *(Vestíndose)* A xustiza condenoume pola morte dun home sen ser certo. Tamén a sociedade sabe facer trampas para cubrir a súa debilidade; agora está en débeda comigo. Agora matarei de verdade e quedarán saldadas esas contas.

GARBOSA – ¿Onde tes que facer ese primeiro traballo?

PEPA – Mais aló da estrada.

GARBOSA – *(Trae dúas escopetas)* Toma este amuleto para que te protexa no camiño.

PEPA – ¡Dúas, Garbosa?

GARBOSA – Esta é para min; acompañoche, indicareiche o camiño. Ao cabo, as dúas somos do mesmo oficio.

(Chocan as mans; inician a saída.)

GARBOSA – *(Saca comida do macuto)* Toma; terás fame...

PEPA – Grazas, Garbosa. *(Come con apetito.)*

(Saen.)

9º CADRO: O LUME DA VINGANZA

CEGO – Álvaro, agora é o dono da tenda e da taberna do seu irmán.

(Entran PAISANOS bebendo, murmurando e sentan)

ÁLVARO – *(Entra, bebendo e olfateando)* A que demo cheira hoxe a miña casa, e a miña tenda (...). Tenme un aroma especial...

ANTÓN – *(Retranqueiro)* Pronto virán visitarte, señor menciñeiro.

ÁLVARO – ¿E iso? ¿Que pasa? ¿Quen vai vir?

SIMÓN – A Pepa Loba, que din...

XOSÉ – ...¿Que fuxiu do cárcere!

ÁLVARO – *(Fica petrificado, cáelle a cunca)* ¡Non o creo! ¿Quen volo dixo?

ANTÓN – Está corrido por toda Pontevedra.

SIMÓN – Ándana buscando pola Estrada.

XOSÉ – Para prendela, parece ser...

ÁLVARO – Cara aquí non creo que veña, ¡parva tiña que ser se o fixera!

ANTÓN – Mal se che poñen as cousas, menciñeiro...

XOSÉ – A Dorinda di que, nos anos que pasou no cárcere...

SIMÓN – ...só cavilou en como vingarse de ti.

(Soa o tambori;. entra PEPA apuntando coa escopeta, seguida da GARBOSA. Todos quedan pamos.)

PEPA – Ola, menciñeiro.

ÁLVARO – ¿¡Ti!?

(Os PAISANOS reaccionan, móvense inquedos. A GARBOSA encánoos.)

GARBOSA – Todos quietiños, que con vós non vai o conto.

ÁLVARO – ¡¿Que fas aquí, na miña casa?! Maldita meiga... ¿Como saíches do presidio?

PEPA – Había saír, inda que estivese no mesmo inferno. ¡Nin o diaño atura tanta inxustiza!

ÁLVARO – Dame a escopeta.

(Soa o tamboril. Os PAISANOS míranse atemorizados. A GARBOSA encánoos.)

PEPA – Se ves por ela, heite matar. Heite matar de todos os xeitos, pero se ves por ela heite matar antes.

ÁLVARO – Podémonos entender...

PEPA – Si, vai ser unha conversa moi curta. *(Apúntalle aos testículos e dispáraa. Redobre de tamboril.)* Iste foi por don Ramón.

(Os PAISANOS exclaman. A GARBOSA encánoos. ÁLVARO retórcese no chan. PEPA apóialle o pé enriba e faino rodar. El intenta falar. Ela colócalle a escopeta no corazón e dispara. Redobre de tamboril.)

PAISANOS – ¡¡¡Carallo!!! ¡¡¡Que Loba!!!

GARBOSA – ¡Ben feito, Pepa!

PEPA – *(Chocan as mans)* Veña logo. Imos colle-lo cabalo, hoxe empezo unha nova vida.

(Saen. Os PAISANOS arremuíñanse, recollen o morto e falan.)

ANTÓN – ¡Que valor lle botou a Pepa!

SIMÓN – Iste é o seu bautismo de sangue.

XOSÉ – ¡Menuda Loba!

ANTÓN – Hanlle poñer bo prezo á súa cabeza.

SIMÓN – Pouco lle durou a liberdade, a coitada.

XOSÉ – Pero vingouse (...) Agocharase no monte.

ANTÓN – ¿E a Garbosa?

SIMÓN – En boa lea se meteu...

XOSÉ – Fuxirá coa Pepa.

(Saen levando o morto.)

CEGO – Refuxiáronse na Serra do Faro, asaltando camiños.

Ao pouco tempo, mulleres e homes, sufridores da miseria, da inxustiza ou da crueldade, uníronse á banda da Pepa Loba; matando sen piedade ós violadores de rapaces e ós maltratadores dos pobres. Foi coñecida en toda Galicia polos seus asaltos a mosteiros.

10º CADRO: A SOTANA E O SEGREDO

DON BARTOLOMEU – *(Entra lendo)* Como el Padre me amó, así os he amado yo. Permaneced en mi amor. Si guardáis mis mandamientos, permaneceréis en mi amor, como yo he guardado los mandamientos de mi Padre y permanezco en su amor. Éste es mi mandamiento: que os améis los unos a los otros como yo os he amado. Vosotros sois mis amigos si hacéis lo que os mando.

No me habéis elegido vosotros a mí, sino que yo os he elegido a vosotros, y os he destinado para que vayáis y deis fruto, y vuestro fruto permanezca, para que todo lo que pidáis al Padre en mi nombre os lo conceda. Esto os mando: que os améis los unos a los otros. (Jn 15,9-17)

PEPA – *(Entra por unha beira , apuntándoo)* Desculpe padre

(DON BARTOLOMEU treme, móvese nervioso, intenta botarlle a man ao canón da arma)

GARBOSA – Non faga parvadas, a non ser que queira reunirse hoxe co seu xefe, aló enriba.

DON BARTOLOMEU – E ben, ¿que queres?

PEPA - Os cartos.

DON BARTOLOMEU – Eu non teño cartos. Son un ministro do Señor, ¡non un tratante de gando!

PEPA – ¡Pensa que somos parvas? Nesta terra non hai negocio mellor co seu, misas, enterros, milagres..... Que vostede cobra a prezo douro.

GARBOSA – E as nosas palabras no son tan fermosas, mais falan do mesmo que as vosas, tan misteriosas elas...

PEPA – As súas, ameazan coa vida trala morte, as nosas tamén, por iso ímonos entender ben, falamos o mesmo idioma.

DON BARTOLOMEU – *(Reflexiona)* Está ben. *(Dalle a carteira.)*

PEPA – *(Mira os cartos)* Precisamos máis; somos moitas bocas, *(Sinala as bocas das dúas)* istas e máis que aquí non ve..

DON BARTOLOMEU – Eu tamén teño moitos fillos no seminario.

GARBOSA –*(Rindo a esgalla)* ¡Pois non lle dera tanta festa ao carallo!

PEPA – Lévenos onde o seu tesouro, ¡andando! e non esqueza que estamos apuntándolle.

DON BARTOLOMEU – *(Iniciando a saída)* De boa gana vós tería metido catro tiros!! Tan certo como hai Deus, que isto non é unha derrota, antes ou despois vingareime de vós.

PEPA – D.Bartolomeu, como cristiano que é, debería seguir o mandato do Señor Jesús "Amade aos vosos inimigos, bendecide aos que os maldicen" (Mateo 5:44), deixando a vinganza a Deus.

GARBOSA – ¡Non sabía eu, da túa sapiencia Pepa!

PEPA – ¡Aprendino no cárcere! ja, ja, ja.

DON BARTOLOMEU – *(Iracundo)* ¡Mala pécora!

(Saen.)

11º CADRO: PEDRAS E SOMBRAS DO PAZO

CEGO – O clero ódiaa e perséguea. Os labregos encóbrena, e admiran ese espírito de campesiña rebelde e tenro; os ricos despreciana, témena e perséguea polas súas vinganzas e asalto aos seus pazos.

(Entran FIDALGO , SEÑORA e XERVASIA, a ama de cría co bebé no colo)

SEÑORA – *(Colle ao neno e mostrallo ao pai)* Mira que bonitiño *(Dallo)* Nótase que está ben alimentado.

DON DIEGO – *(Sopesando ao neno no colo, dille a criada)* Tes bo leite Xervasia. Grazas por nutrilo noso herdeiro.

XERVASIA – Grazas Señorito.

(Entran as bandoleiras, apuntándoos coas escopetas)

SEÑORA e XERVASIA – *(Berros)* ¡¡¡Pepa Loba!!!

PEPA – Non berren, señoras, non lles vai pasar nada.

(A PÚNTAO DE PRETO ao FIDALGO, a GARBOSA apunta a SEÑORA E CRIADA)

DON DIEGO – ¡Garbosa, que pretendes?

GARBOSA – Téñolle moitas ganas *(burlándose)* señooooorito, ¡canalla do demo! ¡Será ruín!, abusar dunha e logo acusarme de roubarlle as xoias á muller!

PEPA – ¡E roubárasllas?

GARBOSA – ¡¡Que máis quixera eu!! (...) O ladrón era el (...) ¡Ladrón de corpos e traballo!, só tiñamos dereito a comida e leite.

SEÑORA – ¡Ai, Deus, meu señor! ¿Que nos van facer?

PEPA – De vosoutras non queremos nada.

GARBOSA – A vós , non vos imos facer mal ningún.

PEPA – E o voso amo, só será un pouco menos rico cando marchemos. E desta vez, Garbosa, o fidalgo non mentirá cando te acuse de ladroa, jajaja

XERVASIA – Que pensades facer? *(Móvese cara elas)*

PEPA – *(Apúntaa)* Non faga unha toleada. Non lle convén ó seu fidalgo amo.

(A GARBOSA ocúpase de DON DIEGO)

DON DIEGO – Garbosa, baixa a arma.

GARBOSA – Agora quen da as ordes son eu, señooooorito *(Burlándose.)*

PEPA – Mire don Diego, nós vimos pola xoias da súa esposa, e faga o favor de dárnolas, e non lle faremos nada.

DON DIEGO – (*Dubida*) Irei por elas.

PEPA – Acompáñoos.

(*Saen.*)

(*SEÑORA e XERVASIA facendo ademán de ir con eles*)

PEPA – Vostedes quéden aquí coa Garbosa.

SEÑORA – Andas en malas compañías Garbosa.

XERVASIA – ¡Un día han vos pillar!

SEÑORA – Acabarás no cárcere de Pontevedra como a túa irmán.

GARBOSA – Señora, igual vostede pensa que non está presa neste pazo, ¡nesta xaula douro!

XERVASIA – Xa fai tempo co patrón agardaba a vosa visita, Garbosa

GARBOSA – A vinganza, Xervasia, hai que servila fría. ¿Verdade señora?

(*Entran PEPA e o DON DIEGO cunha bolsa*)

DON DIEGO – ¿Como sei que me crerá que non hai máis?

PEPA – Preguntándolle a Garbosa, que foi quen llas roubou. Jajaja

GARBOSA – Si, señorito, é vostede de rico berce e moi guarro leito.

PEPA – (*Mirando as xoias*) Suficiente señorito, temos dabondo.

SEÑORA – ¡Por que facedes isto?

PEPA – É mellor que apodrecer no cárcere, ¿non lle parece?

DON DIEGO – Non estades no bo camiño.

GARBOSA –¿Acaso estaba eu no bo camiño, (*Apuntándolle aos collóns*) cando tiña que soportar as súas baballas entre o millo! (*Cúspelle.*)

PEPA – (*Interponse*) Deixao Garbosa. Agora collerémolles tamén a xoia que ten por cabalo. Xa ve don Diego, niso temos os mesmos gustos.

(*Saen.*)

SEÑORA – ¡¡Hai que ir tras delas!!

XERVASIA – Que lle roubaron as xolliñas, meu amo, ¡hai que collelas!

DON DIEGO – Non. Agora non. Vin a súa ollada e que o demo a confunda.

SEÑORA – ¿E logo que facemos? ¡Quero recuperar as miñas xoias!

DON DIEGO – De momento nada. Imos descansar, necesito pensar.

(Saen.)

CEGO – Lembran aínda os máis vellos
de Pepa Loba as andanzas,
por Cudeiro e Vilarnaz
por Madrosende e Sartédigos.

12º CADRO: UNIFORMES NA ESCURIDADE

(Entran GARDAS CIVÍS marcando o paso)

BENÍTEZ – A situación é dramática, pola cantidade de xente que se vai incorporando ás súas filas.
¡Hai que acabar con ela canto antes!

PELÁEZ – Estase a converter nun mito popular, e xa se sabe o poder dos mitos. Loitar contra eles é difícil. Señor *(saúdo militar.)*

CAMOEIRAS – Hai algo máis señor, as armas, a Loba xa ten un pequeno exercito cun armamento moi variado. Señor *(saúdo militar.)*

BENÍTEZ – ¡Todo o que foi recollendo en atracos, e compras a gardas podres!

PELÁEZ – Isto da idea da súa potencia de fogo, que cada día será maior, se non intervimos axiña e con contundencia. Señor *(saúdo militar.)*

CAMOEIRAS – Cando antes comeceamos, antes acabaremos señor. Señor *(saúdo militar.)*

BENÍTEZ – Pois non se fale máis e mans a obra.

PELÁEZ – Acabaremos con esta gata brava, antes de que nos dea unha rabuñada. Señor .
(saúdo militar.)

CAMOEIRAS – Señor (*saúdo miitar*) . Esta decisión ben merece un festexo Señor (*saúdo militar.*)

BENÍTEZ – ¡Vostede sempre pensando en comer! . Cabo Camoeiras, o que leva na cabeza non é unha bacinilla. ¡Coloque ese tricornio reglamentariamente!

CAMOEIRAS – Si Señor (*saúdo militar.*) (*Coloca ben o tricornio*) Señor (*saúdo militar.*)

BENÍTEZ – Pois, veña ¡A comer!

CAMOEIRAS e **PELÁEZ** – Señor; Si, señor (*saúdo militar.*)
(*Saen marcando paso.*)

CEGO – A cuadrilla da Loba, fuxú lonxe cara ó norte, agochándose na Serra do Xistral . Pero un día, a sorte volveulle as costas, e foi apresada e novamente foi condeada a cadea perpetua, no cárcere de mulleres da Coruña; onde un día recibíu a visita de Concepcion Arenal.

13º CADRO: A VOZ QUE ROMPE A NOITE

(*Entra a CARCEEIRA con DONA CONCHA, e séntaa trala reixa. Sae e volve entrar con PEPA, que a senta no outro lado da reixa.*)

PEPA – Isto é un podreiro humano , señora.

DONA CONCHA – ¿Como te chamas, e porque estás aquí?

PEPA – Chámanme a Loba, e estou aquí, por iso, por ser a Loba.

DONA CONCHA – Pero és unha persoa, ¿non si?

PEPA – Tiña que escoitar vostede o que dixeron de min as autoridades (...) Creo que non son unha persoa, ¡xa non!

DONA CONCHA – ¡Pois tes que selo!, digan o que digan os xuices, ti es unha persoa, unha muller. Sempre. Sempre, ¿comprendes?

PEPA – ¿Vostede parouse a pensar o que quere dicir Cadea Perpetua?

DONA CONCHA – Si, creo que si.

PEPA – ¿Quen é perpetúo para cumprir semellante condea?

(*DONA CONCHA , non responde, obsérvaa moi interesada.*)

PEPA – ¡¡Nin o xuíz o é!! nin a raiña isabel II que tanto mangonea. Ninguén no mundo o é. !Nada é perpetuo!

DONA CONCHA – Ti es unha muller bonita. Prométeme que te has coidar, andar limpa, peitear eses cabelos, (Acaríñallos) aprender un oficio para sentirte coma o que es, unha muller que non deixou de ser persoa ante Deus, o supremo xuíz (*Acaríñalle a man.*)

(PEPA retrocede, sorprendida e turbada)

PEPA – Vostede fala moi ben, e seguro que é unha boa persoa (...) pero a Loba só lle pode prometer unha cousa: que ha saír daqui tan axiña como poida (...) Se estivese no meu pelexo, entenderíao, pero ten a sorte de que o Supremo Xuíz, non a puxo no meu caso.

CARCEEIRA – (*Entra*) Acabouse a visita.

(A CARCEEIRA acompaña a DONA CONCHA á porta, volce por PEPA e Saen.)

CEGO – Uns anos despois disto ocorreu, o que aínda hoxe ninguén soubo explicar; a fuxida da loba do cárcere de mulleres da Coruña. Algúns din, que foi liberada pola súa cuadrilla; tamén se rumorea que Concepción Arenal, proporcionoulle un pasaporte e unha pasaxe con destino á Arxentina...

A partir de aí, imperou a lei do silencio en torno a Pepa, e pouco a pouco a historia foise convertendo en lenda.

E se cadra a imaxinación dalgúns segue vendo andar polos camiños, a loba rebelde e irmandiña da nosa Terra.

14º CADRO: AUGURIOS NO CAMIÑO SEN FIN

(Soa a gaita.)

PACHY e VICTOR – (*Entran coas cunchas cantando sen forzas moi cansos e coa voz quebrada*) ..A Santiago vou lixeiriño suspirando...por mi niña Carmela que en Compostela me está esperando.....

(Derregados sentan nos tallos, a VICTOR doélle un pé, examínoo axudado coa luz da lanterna de PACHY.)

PACHY – Onde che doe?

VICTOR – Aquí.

(Soa a gaita)

PEREGRINAS – (*Entran cantando con forzas*) ...A Santiago vou subindo montañas, cruzando valles sempre cantando, coma un peregrino polo camiño da ilusión... (*Ao ver a PACHY e VICTOR alégranse de volver atoparse.*)

PACHY – ¡Canta bulla traedes con vós!

FELI – ¿E logo non a íamos traer!

ROSITA – Temos por diante xa case o final do camiño.

MALENA e **RAMONA** – E todiño para nós.

(INMA revolotea ao carón de VICTOR.)

VICTOR – Non se razón tendes, si, máis ide vós saber, ¿con que nos atoparemos!

PACHY – Non sexas cenizo! É de bo augurio atopar xente alegre no camiño ..e sen son mulleres inda para máis.

VICTOR – ¡Arredemo! (Rindo) igual ca bosta que pisaches chea de moscas que se che subiron pola perna, para ti todo é de bo augurio.

INMA – *(Lucíndose e coqueteando)* E logo nós ¿non te parecemos de bo augurio!?

FELI – ¡Pois senón chega a ser pola bosta non nos atopamos!

(Risos a gargalladas.)

(ROSITA coa lanterna estuda o mapa, FELI busca algo no fardelo, RAMONA bebe e MALENA mira o libreto.)

ROSITA – Está unha noite de luar fermosa....

MALENA – ¿Chegaremos a Tamallancos antes do amencer?

INMA – Iso mesmo , me pregunto eu, ¿chegaremos?

RAMONA – Malo será!.

PACHY – E hai que andar con moito ollo...

FELI – ¡E logo?

PACHY – Por estas terras téñen andado bandoleiros de manda carallo.

(ELAS deixan o q estan facendo e míranse intrigadas.)

PACHY – ¿Oistes falar da banda da Pepa Loba?

(ELAS negan coa cabeza.)

ROSITA – ¿Quen é Pepa Loba?

MALENA – ¿E de que é esa banda?

INMA – Iso, ¿de que é esa banda?

VICTOR – *(Bota unha risada)* de Rock, ¡se vos parece!, fixo melodias co son das escopetas. Foi a Robin Hood galega do século XIX.

PEREGRINAS – Ahhhh.

PACHY – ¡Que historia a desa muller! Pois inda segue nos camiños...

PEREGRINAS – ¡¡¿Que dis?!!

VICTOR – Tío ¡non flipes! andamos no camiño, pero no 2025.

PEPA – *(Entra apuntándoos)* ¡¡Alto aí !! arriba as mans, mexapías.

(ELES e ELAS deixan caer o que teñen nas mans e erguén os brazos con moito susto.)

PACHY – *(Mirándoa embobado)* ¡Mira ti! falando da raiña de Roma polo monte asoma...

VICTOR – *(Moi nervioso)* ¡¡¡Que flipe!!! ¡¡Non mo podo crer!!

(ELAS asustadas móvense nerviosas baixando as mans.)

PEPA – *(Apúntaas)* mans arriba e quietiñas.

(ELAS volven subir os brazos.)

PACHY – Se ti non precisas armas, ante ti réndese calquera, muller.

PEPA – ¿Que parvada dis, mameluco!

PACHY – Calquera...home, quero dicir.

(ELAS rin, PEPA encánoas.)

VICTOR – Deíxate de lérias, que como se encabrone, non o contamos.

PEPA – *(Encanóao)* ¡Que dis ti cagarrán? como me encabrone tragas o trabuco.

VICTOR – Xa, xa (...) ¡¡Non mo podo crer!!

PEREGRINAS – ¡¡Nin nós!!

PEPA – *(Apúntaas)* ¡Calade a boca señoras! *(Míraas darriba abaixo)* Pois parecer parecades.

PACHY – *(Canta e baila cara PEPA)* “Apaga a lus mari pepa, apaga a lus...”

(As MULLERES rin.)

PEPA – *(Moi anoxada)* ¡Un respecto a bandoleira máis grande do camiño, senón ides ver ao Santo antes de chegar a Compostela!

VICTOR – ¡Non mo podo crer! (...) ¿Quen me mandaría a min unirme a este tolo fantasioso no camiño?

PACHY – Así que ti es a Loba, pois eu son a Carapuchiña e... Xa sabes como remata o conto.

(As MULLERES pasmadas.)

PEPA – *(Arrimándolle o trabuco o nariz)* O conto vouno rematar eu agora, deixádevos de caralladas e ¿a ver que levades nos fardelos?

PACHY – *(Seductor , mirándoa aos ollos)* Quixera ver nos teus ollos que hai en ti de loba (...) ¿Ou se de fera soamente muller levas sona? (...) ¿Por que non mo dis, fermosa gradicela?, ¿por que non mo dis, fermosa gacela?

PEPA – ¡Porque non me sae da cona! fantoche.

VICTOR – ¡E tamén poeta! Non mo podo crer...

(As MULLERES rin as gargalladas.)

PEPA – *(Ás mulleres)* E vós caladiñas que ides espertar aos paxariños.

VICTOR – *(dubidoso)* Mire señora isto temos que resolvelo dun xeito ou doutro (mirándoa de arriba a baixo, colle o fardel, ofrécello e dille as mulleres) E vós facede o mesmo, que pareceades unhas paspallás!

(As MULLERES danlle as mochilas.)

FELI – Meta aí a man a ver se lle serve algunha cousiña das que levamos....

PEPA – *(Remexendo nas bolsas saca un protector solar, intrigada, mírao, remírao.)* ¡E isto que é?

ROSITA – Protector solar.

PEPA – Nunca usei un dIstes e toda a miña vida andiven no monte *(Tírao e segue buscando saca unha caixa de tiritas.)* ¡E isto?

RAMONA – Protectores de vinchocas.

PEPA – ¡Vinchocas ? Ja Ja. Os meus pés non precisan destes apósitos para o camiño *(Tíraos e saca un GPS, mírao remírao.)* ¡E isto que carallo é?

ROSITA – Un Gps.

PEPA – ¡¡¿ Gps?!! *(Mira para ROSITA sen entendela.)*

ROSITA – Indica a dirección a seguir polos camiños.

PEPA – ¡Ahh! Non o preciso, eu o camiño o cheiro (*Tírao e saca unha caixa de preservativos.*) ¡¿e isto outro?!

FELI – Pois (...) iso, globos, si, son globos.

PEPA – (*Estirando o preservativo como se fora unha tripa de cerdo*) ¿E logo ides de matanza?

INMA – Pode, (*Mirando a VICTOR insinuante*) pero na intimidade.

PEPA – (*Pensando.*) Case que me apunto, fai moito que non como carne de porco, ¿Onde tendes o marrao?

(*Desconcertados e preocupados míranse entre eles, MALENA trata de distraela.*)

MALENA – (*Achégalle un libro*) Pode que lle guste, está moi ben.

PEPA – (*Mira o libro*) Cantares galegos de Rosalía de Castro, ¡vaia! outra muller abríndose camiño en terra de homes (*Abre o libro o azar, e le*) “Adiós ríos adiós fontes ...

(*TODOS vanse achegando rodeando a PEPA co libro e recitando xunto con ela.*)

TODOS – ...Adiós regatos pequenos. Adiós vista dos meus ollos, non sei cando nos veremos.

PEPA – ¡Gústame! Vou quedar con el. E vos liscade da miña vista, mortos de fame, que non tendes aquí (*tíralles o fardelo*). nin un mísero anaco que levar a boca. ¡Ala! arreando cara a Cea, que é terra do bo pan.

VICTOR – E... vostede siga ben, señora, nós non queremos incomodala máis. E que teña máis sorte no próximo saqueo.

PACHY – ¡Como saqueo? ¡que vulgaridade!

Isto non foi máis cun encontro casual de bo augurio, unha aproximación entre almas vagabundas na procura de aventura (*Cautivador*) E ...mira, ninfa do camiño, e logo un home soñador coma min, ¿onde podería dar repouso ao seu corpo?

(*As mulleres rin disimuladamente.*)

PEPA – ¿Que me estás a preguntar pousafoles? (...) ¿Onde podes durmir?

VICTOR – Si señora si, é que el non sabe ir polos atallos. E oia, de paso a ver se me poden botar algo neste callo (*Sinalando o pé*) que xa me ven mordendo dende Cudeiro

PEPA – Pois para durmir, curar e mesmo soñar...o Mosteiro de Oseira. Alí poden descansar os corpos e os espíritos fatigados.

PACHY – (*Poético e seducido leva a man ao peito*) ¡Que sensibilidade a desta muller! ti serás a miña musa bandoleira flor da.....

PEPA – Cala carallán, e non me busques as cóxegas que eu non che son ningnha damisela, ¿eh? Ide pola sombra e pianiño que xa sabedes. (*Sae.*)

PACHY – ¡Que muller, mi madriña! ¡que poderío!!

VICTOR – (*Recollendo*) Vámonos aquí, meu, antes de que cambie de opinion, que eu ven vexo que o almacén non está para gaitas. ¡¡Se mo contan non mo creo!!

INMA – Boa idea , eu vome contigo.

FELI – Isto debe ser outro augurio.

ROSITA – Pois con iste tarabelo imos ir de augurio en augurio.

MALENA – Eu non entendo nada.

RAMONA – ¿Quen cona sería esa muller?

FELI – Iso me pregunto eu.

ROSITA – gual foi un soño, é noite de lúa chea.

MALENA – E aquí no medio do monte¡¡Uff que medo!!

RAMONA – Vámonos, vámonos!!

(*Inician a saída.*)

FELI – ¿O mesmo é algo organizado pola Xunta?

PACHY – ¿Pero non a vistes? ¡Estades cegos ou!

VICTOR – Ver, vímola e sentímola tamén, pero a Pepa Loba xa é pasado.

FELI – ¡Estás seguro?

INMA – Pois claro que está seguro, ¿verdade meu?

ROSITA – Eu creo que vai ser mellor que nos movamos .

MALENA – Si, marchemos xa.

RAMONA – Veña, imos a ise **Mosteiro que nos dixo**.

VICTOR – Si, si , a Oseira, eu marcho con elas, ti se queres segue esperando a túa musa.

PACHY – Veredes como volverémola atopar máis adiante.

FELI – (*Xa na porta , antes de sair*) Se é así, queda claro que isto é cousa da Xunta, para promocionar o Camiño.

(Soa a gaita, e saen.)

CEGO –

E aquí remata esta historia,
co fantasioso poeta
que facendo a Ruta da Prata
prendado ficou de Pepa.

E daquel o seu amigo,
que sabendo menos letras,
sabía máis dos percances
que pode ter o camiño.

Rapaces, mozos e mozas, vellos e vellas,
que vindes de peregrinos,
aplicade o sentidiño
por este camiño de meigas,
que para bicar ó Santiño
aínda vos queda un treitiño.

(Ao son da gaita van saíndo o CEGO e o GAITEIRO.)

FIN